

O ENTROIDO RIBEIRAO. SANTIAGO DE ARRIBA (CHANTADA) (LUGO).

AUTORES: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

CARME PERNAS BERMÚDEZ.

Adicado a Asociación do Entroido Ribeirao, presidida por Juan Carlos González e Marisé Rei ¹.

I. LIMIAR.

Se falamos dun tempo de festa esperado con ansia e ao que nos podemos referir de múltiples xeitos, todos nos damos conta de cal se trata. É o chamado Antroido, Carnaval, Entrado, Introito, Entrudio, Carnestolendas, Carnal... que todos coñecemos, que ven de vello e hoxe mantense reinventado, como a maioría das festas.



FOTO 1. VOLANTE E PUCHO NUN ENTROIDO DOS SESENTA (XX)

Da igual empregar uns termos ou outros, iso vai depender da época ou do lugar no que se faga², pois o importante é o que nos quere transmitir: por un lado, tempo de

¹ Esta asociación formada no ano 2000 por Juan Carlos González e Marisé Rei, conta na actualidade cos seguintes integrantes:

1. Mulleres na Organización.
Marisé, M. Carmen Rei, Alba, Yenni, Ángeles.
2. Homes na Organización.
Juan Carlos, Iván, Morito, Alberto, Jordi, Ovidio, Toño Barreiro, Oscar G., Lois, Ignacio, Luis, Carlos Sariña, Rafael, Suso, Carlos Darío.
3. Cativos na Organización.
Sergio, Raquel, Brais, María, Diego, Uxía, Hugo, David P., Miguel, Daniel, Oliver, David.
4. Vecinos e amigos que dunha maneira ou outra cooperan na realización do Entroido.
Giovanni, Dosinda, Vanesa, Evaristo, Felicitas, Pepe da Proba, Pepe Rodea, M. Carmen G., Ismael, Pepe do Bufo, Salud, Matilde, Miriam, Victoria, Betty, Angeles G., Oscar As Cobas, Casa Berdelleo.

excesos e dos praceres da “carne” e, polo outro, tempo de “entrada” á Coresma, é dicir, de disfrute daquello que está prohibido durante eses corenta días de abstinencia e penitencia cristiá. Trátase dun tempo de diversión, no que “*sempre se comía a carne que non había todo o ano*”.³

II. AS ORIXES DO ENTROIDO



FOTO 2. VOLANTE CON PUCHO NOS ANOS SESENTA.

A orixe desta festa remóntase nos tempos. Son diversas as teses sobre a súa orixe, pois os investigadores non se poñen dacordo neste punto. Por un lado, están as teorías prehistoricistas ou evolucionistas de finais do século XIX, que interpretan o Carnaval como unha versión moderna dos ritos ancestrais de pobos prehistóricos relacionados coa fertilidade das terras, das mulleres e do gando na primavera. Entre os seus seguidores destacan Frazer e Mannhardt, e no ámbito galego Bouza Brey. Por outro lado, están as

teorías medievalistas que xorden nos anos 40 do século XX, partidarias de encadrar o Carnaval na tradición cristiá e de entendela sempre en relación á Coresma. A maioría dos estudiosos defenden esta tese, destacando Bajtin, Van Gennep, Heers, Burke... e no noso ámbito, Caro Baroja, Vicente Risco, González Reboredo, Mariño Ferro e Fidalgo Santamariña, entre outros.

Outras teorías son as que defenden puntos de encontro entre ambas teses: recoñecer a orixe pagá dalgúns ritos do Carnaval sen negar a súa consolidación como festa no ámbito da Idade Media. Neste contrapunto sitúanse cada vez máis estudiosos na actualidade, como Federico Cocho, que afirma:

² Diso xa se encargou Julio Caro Baroja, un dos maiores estudiosos do Carnaval na Península Ibérica. Exemplo delo é a densa e completa obra *El Carnaval (Análisis histórico-cultural)*. Taurus: Madrid, 1979.

³ Referencia dunha informante veciña de Lanzós (Vilalba), En: FIGUEIRA TENREIRO, Sabela. *O Antroido onte e hoxe. Achegas ao estudio desta festividade na Terra Chá*. Revista Dixital de “Galicia Encantada”. Web.: www.galiciaencantada.com. Páx. 8.

“...podemos dicir que a festa do Carnaval propiamente dito, co sentido burlesco e parodístico que ten hoxe, é propia do estilo de celebracións lúdicas da Idade Media, etapa histórica na que se configura como contrapeso festivo aos rigores que introduce a Coresma cristiá. Risa, burla, parodia, igualación social, alcohol, enchentes e toda sorte de bromas e excesos nutren os Carnavais. Pero non se pode negar que determinados ritos pagáns, propios do comezo da primavera e encamiñados a estimular a fecundidade, están incluídos nos Carnavais rurais máis antigos xunto a outros moitos costumes de intencionalidade distinta.”⁴

III. O TEMPO DO ENTROIDO NA PROVINCIA DE LUGO.

O calendario festivo do Entroido soe variar en función de cómo caia a Semana Santa, e sempre se celebra 40 días antes da Pascua. Os calendarios locais son moi variables. Antano xa comezaba coas mascaradas de Reises, que aínda se celebran nalgúns locais da Europa occidental, e que se foron perdendo no noso país.

De tódolos xeitos o mes carnavalesco é o de febreiro, no que dependendo da zona se celebra case todo o mes ou só os días grandes, entendendo como tales o domingo de Entroido e o martes de Entroido. O Entroido galego máis longo é o da vila ourensá de



Xinzo de Limia, e o lucense máis longo é o Ribeirao de Chantada. Na Terra Chá celébranse os días grandes o domingo e o martes de Entroido, que segundo a zona poden recibir unha ou outra denominación. Por exemplo: domingo Grande, domingo Gordo, domingo Lardeiro.

FOTO 3. VOLANTES E OUTRAS MÁSCARAS NUN ENTROIDO DOS OITENTA.

O etnógrafo ourensán Vicente Risco mencionaba que o ciclo do Entroido abrangía dúas semanas e media nas que había que distinguir unha serie de días moi específicos pola súa ritualística. Estes eran: Domingo Fareleiro, Xoves de Compadres, Domingo Corredoiro, Xoves de Comadres e Domingo, Luns e Martes de Entroido. Se proxectamos este ciclo á provincia de Lugo o resultado sería o seguinte:

⁴ COCHO, Federico. *O Carnaval en Galicia*. Vigo: Xerais, 2007. Páx. 43.

1. O “Domingo Fareleiro”. Por ex. na Ribeira de Chantada: hai uns anos en Vilaúxe, hoxe Santiago de Arriba.

2. O “Xoves de Compadres”. Concellos da Terra de Lemos (Bóveda, Monforte de Lemos, Pantón, Pobra de Brollón, o Saviñao, Sober...). O máis importante Monforte de Lemos.

3. O “Domingo Corredoiro”. Ribeira de Chantada: algo en Nogueira, e en Santiago de Arriba.

4. O “Xoves de Comadres”. Concellos da Terra de Lemos. O máis importante Monforte de Lemos.

5. “Domingo, Luns e Martes do Entroido”. En moitas parroquias e pobos da provincia de Lugo celébranse bailes e concursos de disfraces. De tódolos xeitos compre distinguir:



FOTO 4. VOLANTES CO PUCHO DANZANDO

PONTEVEDRA. 2011.

5.1. Domingo do Entroido. Bailes, concursos de disfraces e desfiles en moitas vilas da provincia lucense. É mester distinguir:

5.1.1. Os desfiles de Madamas e Galáns en Salcedo (A Pobra de Brollón).

5.1.2 A representación de oficios en Salcedo (A Pobra de Brollón), Santiago de Arriba (Chantada), algo en Nogueira (Chantada).

5.1.3. Representacións de pequenas obras de teatro, escritas e realizadas polos veciños de Salcedo (A Pobra de Brollón) no interior do Auditorio.

5.1.4 Recuperación do Entroido en Bazar (Castro de Rei) no ano 2009.

5.2. Luns do Entroido. “O Oso de Salcedo” (A Pobra de Brollón).

5.3. Martes do Entroido.

5.3.1. Santiago de Arriba (Chantada).

Actos: Xogos infantís. Oficios e Despedida do Entroido. É importante o labor da Asociación do Entroido Ribeirao, coordinados por **Juan Carlos González e a súa dona Marisé**.

5.3.2. O Entroido do “Val de Francos” (Ansemar, Belmonte, Goberno) (Castro de Rei).

Actos: O Sermón do Entroido. O Testamento do Entroido, a Queima do Entroido, baile ...

Cómpre sinalar o labor importante do crego **Xosé Manuel Carballo Ferreiro**, verdadeiro impulsor deste Entroido, que colabora desinteresadamente escribindo sermóns, testamentos, e axudando aos veciños deste marabilloso val na planificación dos diferentes actos, que teñen lugar desde o domingo do Entroido ata o martes, día principal das festas.

5.3.3. En Tirimol (Lugo) hai disfraces e queima do Entroido. Recuperación deste Entroido hai uns anos polo colectivo etnográfico “María Castaña”.

5.3.4. Novamente os desfiles de Madamas e Galáns en Salcedo (A Pobra de Brollón).

Chegados a este intre temos que considerar que, se pechamos aquí o ciclo do Carnaval, nalgúns localidades lucenses a conmemoración festiva quedaría fragmentada. Polo tanto é preciso engadir tres novos días: Mércores de Cinza, e Sábado e Domingo de Piñata.



FOTO 5. INTEGRANTES E SIMPATIZANTES DA ASOCIACIÓN ENTROIDO RIBEIRAO. POTES (CANTABRIA). 2012.

6. O “Mércores de Cinza”. Enterros da sardiña na cidade de Lugo e nas vilas de Burela, Chantada, Monforte de Lemos, Sarria, Vilalba, Viveiro ...

7. O “Sábado de Piñata”. A queima do Entroido en Ribadeo, que é o que ten maiores proporcións da provincia. Comparsas e plañideiras.

8. O “Domingo de Piñata”. Lourenzá. Comitativa de Comparsas percorre diferentes rúas da vila.

IV. OS TRAZOS MÁIS SALIENTABLES DO ENTROIDO.

1. O Entroido como *rito*, onde a *máscara* e o disfraz acadan forte protagonismo.

“Ir de máscara” convértese nun rito imprescindible que fai sentir ben ao que a leva. “As máscaras preséntanse como obxectos culturais por excelencia, por onde o home se fai sentir e falar”.⁵

2. O Entroido como festa que responde ao “*modelo binario*” do universo no que todo xira arredor do ben ou do mal, de Deus ou do Demo, da vida e da morte, do día e da noite, do verán e do inverno, da mente e do corpo, da cultura e da natureza... Ese mal é representado a través dun *boneco*, mal vestido, farrapento ao que se lle pón lume.

3. O Entroido como tempo de *exceso*, no comer e no beber, e como tempo de *folganza*, no que non se traballa, e sobre todo os homes na sociedade tradicional.

4. O Entroido como *escenario da burla e da crítica social e política*. Bo exemplo desto son as parodias, os testamentos de animais, os sermóns do Entroido.... Normalmente eran improvisados ou escritos por “poetas” locais e xentes con grande agudeza e inventiva.



FOTO 6. OFICIO REALIZADO EN FIÓN (O SAVIÑAO). 2009.

5.O Entroido como *momento festivo* celebrado nunha época de transición estacional cara a primavera.

6.O Entroido como símbolo de *vida e fertilidade* fronte á morte, e como tempo de *rexurdimento e de renacemento* da primavera.

7. O Entroido como *inversión* da normalidade da vida cotiá, como escenario daquilo que non se pode facer o resto do ano, en antítese coa rixida Coresma, eses 40

8. O Entroido como *lección pedagóxica*. Para antropólogos como Antón Fidalgo e Marcial Gondar os excesos do Carnaval subliminalmente educan ao pobo, facéndolle ver e comprender que unha vida como a do Entroido non se pode levar a cabo o resto do ano se queremos evolucionar como seres humanos civilizados.

9. O Entroido como dominio da *dimensión pública* fronte á privada. As casas abren as súas portas a tódolos veciños, e todos colaboran na festa, de forma directa ou indirecta.

⁵ FIDALGO SANTAMARIÑA, A., GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. e MARTINS MACIEL, S.A. “As caras do Carnaval na periferia da provincia ourensá”. En: VVAA. *As caras do ANTROIDO ourensán*. Ourense: Deputación Provincial e Fundación Caixa Galicia, 2009. Páxs. 301-302.

10. O Entroido como reino da *risa*, provocada pola burla, a sátira, a retranca, a crítica... de certos elementos do poder aos que se ridiculiza, e provocada pola inversión de papeis e “o mundo ao revés” que se establece.

11. O Entroido como tempo de *diversión*, de *relaxación* e do *xogo* entre os sexos. Neste tempo reláxanse as costumes do resto do ano, e excédese na comida e na bebida.

O Entroido foi fortemente censurado e prohibido dende a guerra civil do 36 e durante a dictadura franquista ata chegados os anos sesenta, anos de maior tolerancia nos que se vai recuperando paseniñamente nas zonas onde tiña máis longa tradición. Sen embargo, malia a prohibición o pobo seguía conmemorando a festa aínda que sabía que corría grave risco de ser multado. No impedimento deste evento festivo influíron os duros sermóns dos cregos contrarios ao Carnaval e a presión exercida polos Gobernadores Cívís, os Alcaldes e as forzas garantes da orde.

O sociólogo **Bernardo García Cendán** fai unha interesante reflexión neste senso:

“(...) nunca puiden entender, cando era neno, por que tiñan prohibida aquela festa que a min me gustaba tanto. Buscaba calquera farrapo para disfrazarme, agora é todo moito máis sofisticado e comercializado, o que é unha mágoa, porque ate a xente máis rica aproveita



FOTO 7. COLOCACIÓN DOS PANOS PORTUGUESES E DOS CINTOS

COAS SÚAS CAMPAÍÑAS A DOUS VOLANTES DE SANTIAGO DE ARRIBA

para diferenciarse mercando as cousas máis caras e segue sen saber rir debaixo da máscara. Eu corría tras dos mozos que, desafiando as leis, facían con moito detalle o enterro da sardiña na miña vila de Vilalba. Inda me recordo do que nos divertía adiviñar mesmo o intre en que ían aparecer os gardas para desfacer a procesión. Procesión na que participaban os mesmos que despois tamén acudían, piadosamente á seriedade dos “caladiños” na Semana Santa”.⁶

V. BREVE REFERENCIA DALGÚNS ENTROIDOS LUCENSES

⁶ GARCÍA CENDÁN, Bernardo. “O desacougo da risa”. En: *Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. Coord. por “Asociación do Val do Franco”. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, 1993. Páx. 51.

1. O ENTROIDO DE SALCEDO (A POBRA DE BROLLÓN).

Salcedo é unha entidade de poboación, pertencente á parroquia de San Xoán de Salcedo, no concello da Pobra de Brollón, na provincia de Lugo. A efectos eclesiásticos pertence ao arciprestado de Santalla de Rei e a diocese de Lugo. Componse de 70 vivendas de xeito rústico con pequenas prazas e rúas sen simetría. Está situada a 576 m. de altitude nos contrafortes da serra do Courel. Segundo o IGE, no ano 2007, posuía unha poboación de 173 habitantes⁷. Dista 4,8 km. da capital do concello e 70 da cidade. Dende hai algúns anos, as actividades do Entroido están planificadas pola Asociación de veciños de Salcedo.

1.1. AS MADAMAS E OS GALÁNS.

No “domingo do Entroido” saen as madamas e os danzantes, en número que vai entre cinco a sete parellas. As madamas levan unha blusa e faldra branca, e van tocadas con sombreiros ornamentados con flores e cintas de papel, que reciben o nome de colonias; as súas caras van cubertas con carautas. Os danzantes van vestidos cun traxe escuro, camisa branca, gravata negra, sombreiro e unha careta branca. Segundo algúns veciños, ámbolos dous personaxes poderían simbolizar ás persoas ricas da localidade; por tal motivo non era estrano que, para representaren as súas vestimentas, houbese que ir, coa debida antelación, aos tendais dos ricos para collerlles as roupas axeitadas.

Así mesmo, teñen como misión ir buscar cos gaiteiros de Salcedo ao morrión, é dicir as máscaras que, acompañadas por cativos, levan a cabo unha representación mímica nun local axeitado -hoxe o Auditorio- sobre algún comportamento social ou evento, que tivera gran transcendencia na localidade.

Así, por poñer un caso, hai algúns anos veu a Salcedo un home que, segundo comentaba, vendía lavadoras; andou por diferentes casas ofrecendo o produto cunhas importantes vantaxes económicas, de tal xeito que, aínda que non traía canda el ningún electrodoméstico e pedía un adianto económico antes de entregar o produto, días despois algúns veciños aceptaron a proposta de quen logo resultou ser un timador. Na localidade o caso foi moi comentado, o que motivou que no Entroido do ano seguinte se fixera unha parodia da estafa..

⁷ Equipo Ir Indo. “Concellos. A Pobra de Brollón”, en *Galicia en Comarcas. Lemos e Sarria*, La Voz de Galicia. Vigo: Ed. Ir Indo, 2005. Páxs. 127-133.

1.2. O RITUAL DO OSO .

O luns de Entroido, antes da saída do oso, un pequeno grupo da localidade adícase a recitar unhas cantigas de cego, nas que se fai alusión a algúns eventos ocorridos na comunidade. Logo, sobre as cinco e media da tarde óense voces que anuncian a chegada do célebre plantígrado: ¡Aí ven o oso! ¡Aí ven o oso!. Polo cume dunha das rúas de Salcedo xorde un persoeiro enigmático, vestido con peles de ovella e unha carauta, que asemella a un oso. Inicialmente era levado amarrado cunhas cadeas por un número variable de servos⁸ para soltalo a continuación entre a veciñanza da localidade e demais asistentes. A aparición do oso, anunciada tamén polo repicar dunha campaiña, provoca continuas carreiras e gritos no público asistente, que alborotan a toda a localidade.

O animal non respeta a ninguén ata o punto que irrompe nos bares para acceder ás súas presas. Nesta tarefa o oso conta coa importante colaboración dos seus servos, que suxeitan ás vítimas, para que logo poida tismalas con “sarrio”⁹ e, mesmo, tirar ao chan



a máis dunha. As continuas persecucións que manteñen o oso mailos seus criados con respecto aos asistentes ao acto, continúan ata o anoitecer, momento no que o ritual festivo remata, debido preferentemente á fatiga, que amosan tanto o animal como os seus servos.

FOTO 8. ALGÚNS MECOS EN PONTEVEDRA. ANO 2011.

Nesta comunidade o oso é unha importante entidade á que se lle rende veneración para que a protexa. Constitúe un importante símbolo, que anuncia a primavera e, ao mesmo tempo, móstrase benefactor da fertilidade, que ten lugar na mesma. Trátase dun oso que entra na localidade de Salcedo como rei da festa, que se vai celebrar, mais tamén marcha da mesma con ese status.

⁸ Hai anos había dous criados; co paso dos anos houbo catro, e no ano 2009 saíron oito. Antes do 2001 os criados ían vestidos con monos de cor azul. A partir deste ano van provistos de traxes de tea de saco e veos do mesmo material.

⁹ Sustancia negra e graxa que forma o fume ao pegarse ás paredes e ós obxectos.

2. O ENTROIDO EN BAZAR (CASTRO DE REI).

O Entroido nesta parroquia deixou de celebrarse nos anos setenta do século pasado. Ata ese momento en Bazar celebrábanse dous entroidos: o do Barrio da Grandela e o de Carravilar. No recordo das persoas de máis idade da comunidade aínda fican os nomes de *Severino das Fontes, Avelino de Marcos, Ramón do Cura e José Benito de Carravilar* como importantes impulsores e, ás veces, sermoneiros desta festividade. En ámbolos dous barrios a festividade levábase a cabo o Domingo de Entroido cos seguintes actos:

2.1. A CORRIDA DO GALO.

Entre dous puntos fixos colocábase unha corda moi tensa, na que colgaban un galo, amarrado case sempre do seguinte xeito: “Poñíanlle un lazo por baixo das alas e, logo, metíanllo polo buche e sacábanllo pola boca”. Desta maneira a cabeza do animal quedaba bastante suxeita, o que motivaba certa dificultade para arrincarlla. A continuación algúns mozos en cabalerías, ataviadas para a ocasión, pasaban ao galope por baixo do galo, tentando descabezalo. Ata comezos do último tercio do século pasado era unha práctica moi habitual en diferentes parroquias chairegas, como Ansemar, Bestar, Quintela, Bazar, Saavedra, etc

2.2. A CORRIDA DE EGUAS E O “XOGO DAS CINTAS”. Este consistía en pendurar os extremos das cintas nunha corda tensa, quedando libre o outro extremo, onde se encontra unha argola dun cm. de diámetro. Os participantes ían cun pequeno punzón para introducilo pola argola. O que máis cintas lograba arrincar era o vencedor da proba.

2.3. O SERMÓN DO ENTROIDO. Os Sermoneiros dispoñían normalmente dun importante don de interacción social tanto no interior como fora da súa comunidade, debido ao seu afán por transmitir coñecementos do seu entorno e ser receptores doutros novos procedentes de áreas máis extensivas. E así, nas rimas dos diferentes sermóns adoitan realizar cun sentido crítico un repaso ao modo de actuar do clero, á actitude que amosan os mozos con respecto aos adultos e persoas de máis idade, ao comportamento dos políticos, ao xeito de levar a cabo diferentes oficios, problemas sociais, acontecementos na comunidade: inundacións, roubos etc. Ademais hai estrofas que se refiren á dinámica da propia festa: asistencia á mesma, problemas que entraña a súa organización, colaboracións, etc.

2.4. XUIZO DO ENTROIDO E QUEIMA DO ENTROIDO.

Participaban dous veciños da parroquia, que tiñan como finalidade, un defender ao

Entroido, e o outro criticalo, saíndo case sempre o Entroido culpable. Logo, queimábase.

Como remate da festa, había algo de música de acordeón ou gaita.

Durante varios anos **Rafael de Xusto** estivo traballando para continuar con esta fermosa tradición, máis a última hora decidiu que unha nova sabia tiña que emerxer na planificación deste evento. E así as netas de **Avelino de Toño** e **Iván Díaz Díaz** comezaron a organizar o Entroido do ano 2009, continuando ata o intre actual (2012).

Neste espazo de tempo, o Entroido de Bazar vai



FOTO 9. DÚAS COROZAS INICIANDO O DESFILE EN POTES (CANTABRIA). 2012.

acadando unha dimensión moi positiva, aínda que xa hai actos que non se celebran como a “Corrida do Galo”, a “Carreira de eguas”, “o Xogo das cintas”, “o Xuízo do Entroido”, aínda que este está incorporado dalgún xeito no “Sermón”. Sen embargo, hai tamén novidades, como “a Carreira de carrilanas”, que tivo lugar por primeira vez e con moito éxito no ano 2012; o “Xogo dos pucheiros”, “o Xogo das sillas”; os concursos de comparsas e disfraces e as orquestras para amenizar o baile. Permanecen desde a miña perspectiva dous actos esenciais en todo o Entroido, como son: O Sermón e a Queima do Entroido.

ALGUNHAS ESTROFAS DOS SERMÓNS.

*Os gandeiros en Bazar / estanche moi enfadados
pois si o do leite non se arranxa / mándache moito carallo. (2010)*

*Eses rapaces de enxoiro / que non collen unha pala
ós vellos quérenlles moito / os viernes pra iren á sala
e o resto da semana / non lles dirixen a fala.*

*E dito todo isto e para o pregón rematar /hoxe neste espantallo
os políticos queremos encarnar./ Por iso é que o vamos a queimar
para o ambiente purificar / e que por fin deixen de cheirar. ¹⁰*

¹⁰ Informante deste Entroido: Iván Díaz Díaz.

3. OS XOVES DE COMPADRES E COMADRES NO VAL DE LEMOS.

O Val de Lemos aglutina aos concellos de Bóveda, Monforte, Pantón, A Pobra de Brollón, O Saviñao e Sober. Durante os dous días dábanse en caseque todos os barrios de Monforte –Carude, San Antonio, Ramberde, os Abeledos, os Chaos e nalgures da Estación– tremendas loitas entre mozos e mozas, por mor de liberar un moneco que, segundo que o día fora de comadres ou compadres, eles ou elas facían con palla, e vestían de home ou de muller, tamén segundo os casos. O moneco era colocado no máis outo dunha balconada ou no tellado da casa, e había que sacalo de onde o puxeran. Para conseguilo, cumpría agatuñar deica o punto onde estaba posto, ou chegar a el polos casais veciños. Os que habían defendelo, miraban cara el, desafiante, ríndose a esgalla. Na súa defensa valían todas as artimañas, comezando por ter as mans ben untadas de chapapote, xiringuillas con auga e outras armas polo estilo, que eran tamén as dos atacantes e liberadores. Pódese supoñer cómo se porían todos eles, deica que o simbólico home ou muller era arrancado do sitio en que estaba pendurado. Despois era queimado entre as risas e a troula de todos (VÁZQUEZ, *Germán*, 1969, páx. 286).

Co paso dos anos xa se foron realizando en ámbolos dous xoves varios bonecos de palla, ben comprimidos e vestidos con roupas de homes e mulleres segundo se tratase



FOTO 10. NOVE CATIVOS VISTEN DE VOLANTES E UN DE MARAGATO.

as mulleres ás comadres- o que daba lugar a unha loita simbólica entre os dous sexos.

Na actualidade os xoves de compadres e comadres foron institucionalizados polo Concello, que establece tres convocatorias por concurso: centros de ensino; parroquias, barrios e rúas do Concello, e individuais. Cada modalidade, terá acceso a un primeiro premio, a un segundo, e a un máximo de tres accésits. Ademais o xurado poderá conceder se así o estima un premio especial á Etnografía.

do Xoves de Compadres ou de Comadres. Estes bonecos colocábanos, tanto mulleres como homes, en lugares de difícil acceso e, logo, vixiábanos toda a noite. A finalidade era recuperar os bonecos –os homes aos compadres, e

Tódolos anos participan varios centros escolares especialmente os dos máis xoves como a Gardería Caixa Galicia, o Colexio Novo, o Colexio Ferroviario, a Gándara e a Divina Pastora. Tamén adoitan participar os Escolapios, Torre de Lemos, a gardería Infanta Elena, etc.

Con respecto ás parroquias e asociacións colectivas, é mester citar as parroquias de Ribasaltas, Distriz, Santa Mariña, a Agrupación Auxilia, o Barrio de A Florida, o Colectivo Prodeme, veciños de San Antonio, Barrio de Casar, Asociación Rioseco, veciños de Carude, veciños de Pantón, etc.

Desde a nosa perspectiva merece unha especial mención o Colectivo de veciños de Babela (Distriz) (Monforte), quenes desde hai uns doce anos aproximadamente dedícanse a expoñer tanto no Xoves de Compadres como no de Comadres un material etnográfico de vital importancia de cara as xeracións futuras. Estes veciños están a realizar unha labor pedagóxica e didáctica xa que tratan de reproducir en suma como se vivía denantes nunha “Casa rural do Val de Lemos”. Isto conleva proxectar ao exterior unha serie de traballos colectivos, como era a malla, a sega da herba e do trigo, a roza dos toxos, a esfolla do millo, a debulla, o fiandón, a recolección dos ourizos, a poda das vides. Tamén reflectir unha serie de oficios necesarios



FOTO 11. OFICIO EN SANTIAGO DE ARRIBA. 2012.

para a súa subsistencia, como era o dos zoqueiros, o dos ferreiros, o das leiteiras, o dos carpinteiros, o das lavadeiras, o dos cesteiros. Sen dúbida, tiñan tamén momentos de adicarse ao lecer e así tamén souberon plasmalo, na caza das papuxas, na pesca furtiva, na taberna e tenda da parroquia, nos doces tradicionais, etc.

Nestes últimos anos a asociación de veciños A Xuntanza (Santa Mariña) (Monforte) estase dedicando tamén a temas de carácter rural, como poden ser os da feira, a elaboración do pan e do viño, a matanza do porco...

Outro concello importante polos seus compadres e comadres é Sober. Na capitalidade municipal fíxose fronte á casa consistorial unha especie de homenaxe ao palacio dos López de Lemos para convertelo nun hotel de luxo.

Por outra banda o humor, a ironía, o sarcasmo, a louvanza, son trazos que tódolos anos podemos percibir nas coplas de compadres e comadres da capital municipal, referidas a veciños e veciñas da localidade.

*Moitos anos concellal / e solo catro de alcalde/
saiunos a bon precio / case que saiu de balde /*

*Gástase moito gasoil /seica hai que aforrar/
traede as mantas da casa / se vos queredes quentar.*

*Temos novos concelleiros / hai que poñelos a andar;
seica traen pilar novas / pronto as van a gastar;*

*No Concello de Sober / contratan moitas mulleres.
Están pa tomar café,/ e pa falar coas paredes.*

*Non se fan con mala fe / as coplas do carnaval.
Fanse para divertirse,/ que a ninguén lle senten mal.*

Na parroquia de Anllo nestes últimos anos recreáronse varias esceas rurais ligadas ao traballo do campo e ao tempo de lecer, como por exemplo os diferentes momentos do traballo nos muíños nos que interviron uns vinte compadres, e varios burros que tiñan como finalidade de levar o trigo a moer. O momento de lecer está reflectido na figura

dun pescador e de varias persoas xogando ás cartas.



FOTO 12.. VOLANTES DE TODAS AS IDADES DANZANDO NO MOREDO.

Outros lugares de Sober nos que se escenificaron e seguen escenificando diferentes feitos de índole cotiá son Arxemil, Proendos, Matamá etc.

4. O ANTROIDO NO “VAL DO FRANCO” (CASTRO DE REI) (LUGO).

Artigo publicado por José Manuel Blanco Prado e Carme Pernas Bermúdez na Revista “Croatia”, nº 19, 2009, páxs.58-83.

5. O ENTERRO DA SARDIÑA NA CIDADE DE LUGO.

Trátase da escenificación dun enterro cristián no que o finado é unha sardiña, que nos seus comezos era auténtica mais logo co paso dos anos construíuse unha de gran tamaño en papel e cartón. A comitiva vai presidida por un eclesiástico –o Gran Espetón– que dirixe os cánticos ao longo da procesión; logo os acólitos, os sancristáns, os portaestandartes, as plañideiras, as autoridades e finalmente os acompañantes. A procesión adoita rematar nunha praza ou diante da Casa Consistorial, onde se len discursos, que entrañan bulra, ironía, sarcasmo e crítica , e que están referidos na súa meirande parte aos problemas que ten a cidade ou vila. O enterro pode rematar nunha inhumación simbólica (Lugo), nunha incineración (Burela) (Vilalba) (Viveiro), nunha inmersión no río (Monforte de Lemos) ou no mar (Marín) (Pontevedra).

Este ritual do Entroido non naceu en Galicia, senón que veu importado de Madrid onde no reinado do monarca borbónico Carlos III ¹¹ chegou a Madrid , procedente dalgún porto do norte de España, un cargamento de sardiña en mal estado, polo que as autoridades competentes, malia as condicións de pobreza da poboación, acordaron enterralas na “Casa de Campo”. O pobo aínda que ao comezo protestou e provocou algúns incidentes, logo participou cun tono burlesco e sarcástico en dito enterro, que sería recordado anualmente.

En Lugo capital, logo de cincuenta anos de ausencia volveu no ano 1985 o Enterro da Sardiña da man de José Barreiro, fundador da “Real Confraría da Parranda”, e do Departamento de Cultura do Concello. A comitiva saíu do Círculo das Artes ás oito da noite integrada na súa maioría polos membros da “Real Confraría da Parranda”. Abría a procesión “o gran Pendón”, levando un estandarte cunha carauta do Entroido, franqueado por dous capuchóns tamén con sendos estandartes nos que figuraba “o porco de San Antón” e “o burro do Antroido” aos que se dedicaban sendos estribillos:

*Este é o burro do Antroido
levántalle o rabo
e bícalle o coiro
bícallo ben
hasta o ano que ven.*

*Este é o porco de San Antón
desde o fuciño
hasta o xamón
todo él sabe ben
insecula seculorum. Amén.*

¹¹ O seu reinado estendeuse desde o ano 1759 ata o ano 1788.

Logo dunha ringleira de confrades ía “O gran Espetón”, representado por Antonio Penedo¹², o “moro Muza” e os mariñeiros protexendo á sardiña ben ensartada nun tridente.

Os incensarios acompañaban a D. Carnal e a D^a Cuaresma, sen que faltasen á cita as choroas, que ían de loito, chorando a perda irreparable. Finalmente as autoridades coas súas elegantes donas e encabezadas polo rexedor da cidade, seguidas da banda e o coro. Ao fronte da banda ía o seu director Pepe Barreiro, vestido de capuchón e semáforo en ristre. Pechaba a comitiva o público desexoso de participar no evento.

(*BARREIRO VARELA, José; 1993, páx. 72*)

O percorrido iniciouse na Alameda, onde se entoou o primeiro canto, anunciando deste xeito o comezo da escenificación. Logo proseguíu por Conde Pallares e a rúa da Cruz, onde se detivo diante do bar Anda, para dedicarlle á súa peña unha das estrofas do “Canto patético”, interpretado na procesión.

A primeira parada importante tivo lugar na Praza do Campo, onde o Gran Espetón, representado por Antonio Penedo, recitou as primeiras estrofas do Enterro da Sardiña, sendo coreado cun estribillo pola confraría en pleno.

A comitiva fúnebre, logo desta parada, continuou a súa marcha pola Rúa Nova ate chegar á Praza da Soedade, onde novamente se detivo para dedicarlle outras estrofas á Praza do Rastro e á capela da Soedade. Ao San Antón Abade pedíuselle que resolvera os problemas do Concello.

Logo de cubrir o traxecto por Santo Domingo e a rúa da Raíña, a comitiva dirixiuse, atravesando a Alameda, ao templete da música, onde se atopaba o ataúde da sardiña por riba dun catafalco.



FOTO 13. VOLANTES DANZANDO EN POTES (CANTABRIA). 2012.

Neste lugar, ao igual que fixera na Praza do Campo e da Soedade, o Gran Espetón, Antonio Penedo, recitou un longo repertorio de “ferretes” onde a crítica ao Concello constituía a nota esencial.

¹² Importante carnavaalista durante moitos anos no Círculo das Artes, onde gañou moitos premios. Participou nalgún desfile na discoteca de Iguazú.

Finalizada a interpretación da última salmodia, procedeuse a enterrar simbolicamente á sardiña, entre os lamentos das choroas.

Como colofón ao acto, o alcalde Vicente Quiroga fixo entrega dunha placa conmemorativa a José Barreiro no nome da Corporación Municipal, en recoñecemento ó seu labor por recuperar, logo de cincuenta anos, o enterro da sardiña. (**BARREIRO VARELA, José; 1993, páx. 81**)

Nos anos 1986 e 1987 seguiu saíndo o Enterro da Sardiña. Non saíu no 1988 ¹³, mais si o fixo nos dous anos seguintes. Houbo un período de interrupción ata que nos anos 1994 e 1996, volveu a saír grazas á Asociación de Amigos do Entroido ¹⁴. Sen embargo, vai ser a partir do ano 2000 cando unha das fillas de José Barreiro, Mercedes e o seu marido Andrés, retoman a Confraría do Enterro da Sardiña ate os nosos días dun xeito moi positivo, conservando moitas cousas de antano (estrutura da procesión, percorrido, ferretes permanentes do Gran Espetón); hai unha nova dinamicidade e creatividade ao poder participar calquera persoa do Concello lucense nos ferretes ou estrofas que o Gran Espetón vai ler desde o templete da música.

FERRETES DE DIFERENTES ENTROIDOS.

***Y, HABLANDO DEL ALCALDE D. VICENTE...
¿QUÉ NOS TRAJÓ EL ALCALDE-PRESIDENTE
-O QUÉ LLEVÓ- EN SU VIAJE A LA ARGENTINA...?
A VER: ¿ QUIÉN ES EL GUAPO QUE ADIVINA...?
¡ QUE NOS DE UNA RESPUESTA CONVINCENTE...!. (ANO 1987).***

***ONTE FOROS POPULARES / HOXE BLOQUE E SOCIALISTAS/
QUEN GOBERNA ESTE CONCELLO / SEMPRE SON OS CONTRATISTAS. (ANO 2001).***

***E XA TEMOS UNHA PONTE / FIXERON OS ROMANOS /
E AGORA QUE SE BIQUEN / O ALCALDE E O SEÑOR CASCOS (ANO 2004).***

***XOAQUÍN DIXOLLE A OROZCO / SE QUERES GOBERNAR
COMPARTE OS TEUS EURIÑOS / CO PARTIDO POPULAR (ANO 2008).***

***EN FACENDA OS INSPECTORES / XA PODEN DAR ZAPATILLA/
PARA COLLER ÓS PEIXES GRANDES / E DEIXAR AS SARDIÑAS/ (ANO 2012).***

¹³ Xa estaba *doente* D. José Barreiro.

¹⁴ Desta asociación formaban parte, entre outros, José Rivera Cela, Granxeiro, Alberto etc.

VI. O ENTROIDO EN SANTIAGO DE ARRIBA (CHANTADA)

MAPA PROVINCIAL

CONCELLO DE CHANTADA



ESCALA 1:100.000

NUCLEOS DO ANTROIDO ACTUAL NA RIBEIRA DE CHANTADA

PARROQUIAS	ACTIVIDADE
1- SANTIAGO DE ARRIBA	INTENSA
2- NOGUEIRA DE MIÑO	ESCASA

Nota: O mapa foi realizado polo delineante *José Cancio Fernández*..

O termo municipal de Chantada ocupa unha extensión de 176,7 km² e posúe unha poboación de 8897 habitantes ¹⁵, que está distribuída en trinta e seis parroquias. Limita polo Norte con Taboada, polo Sur con Carballedo, polo Leste con O Saviñao e Pantón e polo Oeste coa provincia de Pontevedra.

Este municipio amosa na súa paisaxe tres unidades morfolóxicas diferenciadas: ao Oeste a Serra do Faro; ao Leste a ribeira do Miño e no centro unha penillanura, que abrangue unha gran parte do termo municipal. A Serra do Faro (1187 m.), cunha disposición Norte-Sur, fai de límite provincial e de línea divisoria de augas. Pola súa banda, o río Miño, tamén cunha disposición Norte-Sur, forma valles encaixados de fortes pendentes e grandes desniveis, nos que se escalonan bancais dedicados ao cultivo de videiras, que producen unha parte dos viños da Ribeira Sacra.

A ribeira miñota chantadina agrupa a unha serie de comunidades parroquiais: A Sariña, Camporramiro, Líncora, Santiago de Arriba e Nogueira. Nesta ribeira o Entroido iniciouse en Santiago de Arriba nun tempo xa esquecido para os portavoces da tradición oral. Logo foron incorporando as demais comunidades ribeirás, incluíndo ademais Vilaúxe. Esta festa deixou de celebrarse na maior parte das comunidades devanditas a comezos do século actual debido, entre outras razóns, a falta de mozos para seguir co evento.

No ano 1987 celebrouse o Entroido nas parroquias de Líncora e Santiago de Arriba. Do 1991 ó 1993 foi Vilaúxe quen celebrou a festa, tomando o listón Nogueira de Miño nos anos 1994-1995, logo de doce anos sin celebración. No ano 1998, Vilaúxe comezou de novo coa festa ata o ano 2003 ¹⁶.



FOTO 14. VOLANTE DOS ANOS SESENTA.

Unicamente dúas comunidades da Ribeira chantadina, Nogueira e Santiago de Arriba, decidiron formar no ano 2000 a Asociación do Entroido Ribeirao contando coa axuda e impulso do concello para conservar esta antiga tradición. Sen embargo esta

¹⁵ IGE (Instituto Galego de Estadística). 1 de Enero do 2011.

¹⁶ BLANCO PRADO, José Manuel.: *O Entroido na Diocese de Lugo. Achegas Históricas. I. O Entroido na Ribeira de Chantada*. Rev. Lucensia, nº 39 (Vol. XIX), Lugo, 2009, páx.365.

asociación durou pouco tempo debido a motivos de índole interna, o que deu lugar a que cada comunidade sega celebrando o Entroido como o estime máis axeitado.

A comunidade de Santiago de Arriba é unha freguesía rural, pertencente ao arciprestado de Chantada e a diócese de Lugo. A efectos civís forma parte do concello de Chantada e da provincia de Lugo. Esta parroquia ocupa unha superficie de 2,96 km² e posúe unha poboación de 81 habitantes ¹⁷, distribuída nas entidades de Artilleiros, Arriba, Bacelares, Guxeba, Iglesia, Pedroso, Proba, Reguengo, Verdelleo, Vilar do Mato, Vilar do Outeiro y Viñas ¹⁸.

I. AS MÁSCARAS EN SANTIAGO DE ARRIBA.

Desde a antigüidade a máscara foi para o ser humano un instrumento básico para levar a cabo rituais de diferente índole: funerarios, belicosos, de protección da comunidade e do ámbito familiar, de fecundidad, de arredar os malos espíritos. Segundo **Caro Baroja** as mascaradas de inverno supoñen unha representación de carácter festivo de feitos propios do universo social coa finalidade de garantir a boa marcha do grupo ao longo dun ano, que



FOTO 15. MOLDES DE MADEIRA PARA FACER CARAÚTAS.

comeza agora unha vez superada a gran noite invernal.

No intre actual este instrumento ritualista quedou únicamente relegado a expresións de carácter festivo como a do Entroido. Nesta festa a máscara é un medio relevante de transformación e de cambio da propia identidade. Malia as influencias da globalización, do

turismo, dos cambios sociais...aínda se conservan no ámbito rural algunhas máscaras, que seguen posuíndo os seus trazos singulares e vistosos.

Así temos, as pantallas de Xinzo de Limia (Ourense), os xenerais do Ulla (A Coruña-Pontevedra), os peliqueiros de Laza (Ourense), os cigarróns de Verín (Ourense), os felos de Maceda (Ourense), as madamas e os galáns de Cobres (Pontevedra), os volantes e maragatos

¹⁷ Datos da diócese de Lugo a 31-12-2011. Cancillería.

¹⁸ Inventario Artístico de Lugo y su provincia. Arriba. Chantada (NRC), t.I. Servicio de Publicaciones del M.E.C., Madrid, 1976, páx. 1217.

de Santiago de Arriba e de Nogueira (Chantada), os troiteiros de Bande (Ourense), os currúellos de Moaña (Pontevedra), os boteiros de Viana do Bolo (Ourense), os foleiros e bonitas de Sande (Ourense)¹⁹.

Na provincia de Lugo ademais dos volantes e maragatos da Ribeira de Chantada, temos que distinguir os foliqueiros do Val de Francos (Castro de Rei), as madamas e os galáns de Salcedo (A Pobra de Brollón), o Oso de Salcedo (A Pobra de Brollón), as choronas (Enterros da Sardiña: Lugo, Monforte, Burela, Viveiro, Vilalba...)

Nesta comunidade parroquial seguen usándose desde os seus inicios as seguintes mascaradas:

1ª. OS VOLANTES.

Trátase de persoeiros que nos seus inicios ían de branco coa ropa interior. Logo, xa no século XX, comezaron a levar unha camisa branca por riba da cal poñían sendos “panos marinos”, procedentes de Ultramar, que ían cruzados en cada hombro. Na actualidade por mor da súa carencia foron suplidos por panos dunha gran variedade de cor denominados “portugueses”. A súa indumentaria inferior está formada por un pantalón, que nos seus inicios –como dixemos–foi de cor branco a xeito de pixama, mais no século pasado cambiouse polo vermello e gualda²⁰. Dos nocelos aos xeonllos levan unhas vendas cruzadas que, ás veces, facían dos capotes dos militares ou da garda civil²¹. Estas semellan as fitas duns zapatos de baile²². O volante leva na cintura dous cintos de coiro de marrán ou xabarín dos que penden vintecinco campaiñas se é o cinto grande, levado únicamente por veteranos, e vinte campaiñas se é o cinto pequeno, portado polos que comezan e por algún pequeno. No intre actual, debido a que saen varios volantes fanse cintos de 24, 23, 22, 20, 18, 16, campaiñas, segundo a idade do volante.



FOTO 16. CARAÚTAS DE PAPEL DE PERIÓDICO

Noutras parroquias da Ribeira como Nogueira, adoitan empregar vintecatro campaiñas, que levaban hai anos as xugadas do gando vacún. Éstas son como “as esquilas” de Manzaneda

¹⁹ COCHO, Federico.: *Ob. cit., paxs. 95-96.*

²⁰ Algúns anos usouse un pantalón de bandas de cor azul e branco. Hoxe únicamente se utilizan os cores vermello e gualda.

²¹ Informante: Pepe do Pataco, de A Proba (Santiago de Arriba), 78 anos.

²² COCHO, Federico.: *Ob. cit., páx. 100.*

e Viana do Bolo (X. M. Vázquez Rodríguez, 1995, páx.250). Estes instrumentos producen sons diferentes, de aí que haxa que distinguir dous tipos: *os machos*, que producen un son grave, e *as femias*, un son agudo²³.

Un mes antes da chegada do Entroido Juan Carlos, presidente da Asociación do Entroido Ribeirao, vai na procura de campañas a diferentes parroquias dos concellos de Carballedo (Lugo), Oseira (Ourense), Carballiño (Ourense), Cea (Ourense), Lalín (Pontevedra) e Rodeiro (Pontevedra). Logo, ao rematar a festividade devolveas o máis axiña posible. Deste xeito pode garantir que nos anos vindeiros llas sigan deixando²⁴.

Antano nos días previos ao Entroido as campañas, xa colocadas nos correóns, soaban todas as noites pola parroquia, xa que conviña que collesen sitio no cinto para que nos días do festexo soasen ben. Grandes coñecedores destes sons foron os Pataco de A Proba (Santiago de Arriba). Ata hai uns meses un descendente deles, chamado Pepe do Pataco, encargouse deste labor, e abofé que sempre dun xeito positivo. As campañas boas colocanse no cinto grande, que vai portar o volante maior. O resto vai para outros cintos en función da idade, veteranía, capacidade física ...

1.1. OS PUCHOS.

Antano, cando no existía o papel pinocho, facíanse os puchos con follas de berza seca rizada.

As flores do pucho realizábanse coas ramas do millo previamente rizadas e as colonias eran feitas de palla.

Co paso do tempo, os volantes levaban por riba da cabeza unha estrutura interna de madeira, realizada con paos de vimbio, que asemella a forma do camarín da Virxe do Perpetuo Socorro. Recibe o nome de *pucho*. Hoxe esta estrutura interna ou artiluxio é de arume e vimbio cuberta de cintas dun cromatismo variado e dunhas cento dez a cento vinte flores da mesma especie, realizadas con papel pinocho de diferentes cores. No cume do pucho colocanse dúas bonetas de xoguete.



FOTO 17. O PUCHO COAS FLORES, COLONIAS, PENACHOS E BONECAS.

Unha na parte anterior e a outra na posterior. Tamén se poñen cinco penachos de diferente cor.

²³ Baixo o cinto o volante leva un tecido de saco para protexerse dos golpes das campañas. Por riba deste tecido viste unha faixa vermella ou azul.

²⁴ A búsqueda de campañas cada vez ocasiona máis problemas debido a escasez existente e a que no intre actual non hai quen as faga como se fixeron noutroora.

Catro en cada lado do pucho e un no centro.

O portador do pucho ten que ser unha persoa de gran vigor e resistencia física, xa que ademais de soportar os trinta kgs. do pucho e das campaiñas, ten que estar danzando case sempre a un ritmo uniforme tanto pola mañá como pola tarde. ***“O volante adoita ser un mozo forte, pois ten que mover as pernas durante moito tempo a un ritmo especial que faga soar as campaiñas, soportando á vez o peso do conxunto da vestimenta, que pode chegar a ser superior aos trinta quilos”***²⁵.

Antano nesta parroquia ao igual que nas demais da Ribeira chantadina saía un pucho por parroquia de trazos moi singulares, que o diferenciaban dos demais. Na actualidade en Santiago de Arriba sae un “pucho grande”, que adoitan usalo tres volantes veteranos. Un “pucho mediano”, que o utilizan varios rapaces e, finalmente, un “pucho pequeno” para os cativos.

Os volantes levan unha caraúta artesanal ou a cara tinguida de negro por mor a que a caraúta dificultaba a respiración. Ás veces, lévana na cabeza sen poñela. Tamén portan na man un caxato, que soe ir ornamentado con fitas de diferentes cores.

Esta máscara estivo sempre representada polo sexo masculino agás nos últimos anos nos que paseniño se van incorporando nenas e mulleres.

A función básica dos volantes é de ir brincando e movéndose de tal xeito que as cintas cromáticas²⁶ voan polo aire, mentres que das campaiñas xorde un constante e

rítmico son (Xosé M. Vázquez

Rodríguez, 1995, páx. 250). Hai a

tradición de que un bo volante non debe deixar tocar no chan as colonias. As máscaras con campaiñas ao cinto usanse nalgúns locais de Asturias, Cantabria, León, Navarra. Tamén en Alemaña, Grecia, no París medieval...de tal maneira que



FOTO 18. AS CAMPAÍÑAS NO CINTO.

²⁵ BLANCO PRADO, X.M e GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: “O Entroido na Ribeira Sacra e en Salcedo. O Volante, o Peliqueiro e o Oso”, en *Tempos de Festa en Galicia, t.I. Entre os Reis e o mes de Maio. Fundación Caixa Galicia*, 2006, páx. 129.

²⁶ Tamén chamadas fitas e cintas.

podemos consideralas como un elemento común e moi antigo do carnaval europeo (X.M. González Reboredo, 1997, páx. 48). Tamén se aprecian semellanzas desta mascarada coa dos volantes da localidade Navarra de Valcarlos e cos “volants” da comarca barcelonesa do Vallés (F. Cocho, 1992, páxs. 102-103). Polo que respecta a elementos máis concretos destas carantoñas, como poden ser “os puchos”, son habituais en Trentino (Italia) ou en Telfs (Tirol austríaco).

No ano 2002, *Sabela Díaz Regueiro* compuxo o seguinte poema dedicado aos volantes:

... “*Volante*” *rexo o abandeirado*

que ó son das campaiñas

bailas e campas.

¡ As “colonias” ó vento

contigo danzan!

¡ E coas tuas reviravoltas

as cores xiran e cantan!

¡ Que espectáculo

que abraio de estampa!

Baila-las campás

e as “colonias” danzas

en retrincos de cor

os sóidos estalas...

1.2. A REALIZACIÓN DAS CARAÚTAS.

Úsanse varias capas de papel de periódico superpostas, que van untadas dunha pasta elaborada con auga morna e fariña. A caraúta terá máis capas ou menos segundo a consistencia que queramos para a mesma. Na metade das capas pónse un tecido de liño para darlle certa solidez.

Por outra banda, mentres se constrúen as caraútas, quentanse dous moldes de madeira nun forno. Ao rematar a cocción, quítase do forno un dos moldes e colócase a súa parte anterior – a cara do molde – nas capas do periódico superpostas, que forman unha das potenciais



FOTO 19. VOLANTES DE SANTIAGO DE ARRIBA

carantoñas. Logo, poñense uns carolos de millo na parte dianteira da potencial caraúta, para que vaia collendo a forma do nariz e dos ollos. A continuación envólvese todo, átese e introdúcese no forno onde se coce. Cando a careta case está, sácase do forno e quítanse os carolos, para que acabe de secar o espazo ocupado polo papel, que estaba por baixo dos carolos. Rematado este labor, réalizanselle cun ferro quente os buratos para os ollos, para a boca e para o nariz, e recortase cun coitelo o perímetro da súa parte posterior. Despois, cúbrese cunha capa de xema de ovo batido, para que a máscara vaia collendo máis consistencia na súa parte exterior.

Como remate, cada un decora como considera máis axeitado ²⁷.

A feitura dunha caraúta pode levar de catro a cinco horas. Se o forno é grande, podes introducir dous moldes para elaborar dúas caretas. Isto estase levando a cabo na comunidade parroquial de Santiago de Arriba, onde a asociación Entroido Ribeirao- presidida por **Juan Carlos** e a súa dona **Marisé**- posúen dous moldes antigos de madeira, propiedade de **Primitiva**, que llos cedeu mentres se celebre esta festividade.

Actualmente Juan Carlos construíu outros moldes de madeira máis pequenos, para realizar caraútas axeitadas para os cativos e deste xeito poder levar a cabo “talleres” con eles sobre o Entroido. Ademais é mester dispoñer de varios repostos de caretas por mor da humidade e do suor das persoas, que poñen as caraútas, o que da lugar a súa deformación e, polo tanto, ao cambio das mesmas no transcurso do festexo.

2ª. OS PELIQUEIROS.

Tamén reciben o nome de “maragatos”, para diferencialos dos “peliqueiros” de Laza (Ourense). Visten unhas pelicas de ovella, cordeiro ou cabra sobre roupas vellas ou traxes de faena, levando ás veces pendurada do cinto unha choca ou campá. A cabeza e a cara cóbrense tamén cunha pelica ou cunha caraúta grotesca (**J.M. Blanco Prado e X.M. González Reboredo, 2006, páx. 129**). Portan na man un látego ou un pau xa que a súa función é protexer aos volantes e abrírlles paso tanto na súa marcha como no seu baile. Tamén utilizan como remates para a cabeza uns cráneos de becerro ou uns cornos de cabrito para darlles unha maior vistosidade. Actualmente o normal é que un maragato vaia acompañando a tres volantes. Denantes o número variaba, segundo F. Cocho, a un ou dous por cada volante (**F.Cocho, 1990, páx. 101**).

3ª. AS COROZAS.

Eran máscaras, feitas de palla, moi habituais no contorno de Camba (Pontevedra). Nesta parroquia adoitaba saír con outra máscara á que se lle daba o nome de **Corozeiro**. Ámbas as dúas tiñan como función mollar ao público con auga procedente dunha sulfatadora e

²⁷ Marisé Rei. Informante de Chantada.

botarlle fariña coa man ou cun fol ²⁸.

4ª. OS MECOS.

Trátase de persoeiros vestidos con roupas vellas, que teñen como misión escenificar sen diálogo diferentes acontecementos da vida cotiá. Polo tanto, a mímica constitúe a esencia destas parodias. Noutroora os oficios tiñan como fundamento a escenificación de diferentes labores agrícolas, ligadas co liño, coa sega, coa malla, coa colleita das patacas etc ²⁹. Logo, foise pasando paseniño a parodiar dun xeito burlesco diferentes labores e comportamentos cotiás non necesariamente relacionados ao agro ³⁰.

II. A DINÁMICA DO ENTROIDO EN SANTIAGO DE ARRIBA.

2.1. O ENTROIDO NO PASADO.

Denantes da guerra civil a festividade do Entroido celebrouse nunha explanada rodeada de castiñeiros, que estaba situada no lugar de “A Pousa”, moi preto da antiga igrexa parroquial. Neste tempo eran moi habituais as pelexas entre os veciños de Nogueira e de Santiago de Arriba.

Poucos anos despois de rematar a guerra civil o festexo foi trasladado ao “Campo de Moredo” ata o intre actual. O entroido conmemorábase durante os mesmos días que hoxe, é dicir tres domingos consecutivos, que recibían os nomes de Domingo Corredoiro, Domingo Lambedoiro e Domingo de Entroido, aos que había que engadir o Martes de Entroido. Nestes días viña moita xente non só da vila de Chantada e contorna, senón tamén doutros lugares e parroquias pertencentes aos concellos de Carballedo e O Saviñao. Así adoitábase ver xente de Castro (Carballedo), Fión (O Saviñao), Escairón (O Saviñao), Diamondi (O Saviñao) etc . ***“Foron catro días nos que estuvo todo cheo de xente; non había camiño, nin carreiro, nin campo, nin nabeira, en todo o lugar de Arriba, dende o que se pudiera ver o Moredo, que non houbera xente”*** ³¹ .

Para os que planificaban e intervían dun xeito directo na festa o entroido comezaba moito antes, xa que había que preparar os puchos, as campañas, os oficios, facer as caraútas etc. Así un entroido de finais dos cincuenta do século pasado consistía no seguinte:

²⁸ Pepe do Pataco. Informante de Santiago de Arriba. 78 anos.

²⁹ Carmen Rei. Informante de Chantada.

³⁰ Blanco Prado, J.M.: O Entroido na Diocese de Lugo. O Entroido na Ribeira de Chantada, ***en Lucensia***, n° 39 (Vol. XIX), Lugo, 2009, páx. 367.

³¹ González Rei, Iván.: “Os contos do meu amigo Pepe”, ***en Rev. Dixital: “Etnografía”***. Ano 2010. www.mesondeforno.com.

“ Por adiantado reunímonos un bo número de veciños na cantina da parroquia e, ás veces, diante da “Casa do Diego”. Como tivemos que estar traballando ata moi tarde cada veciño aportou algo de comida e bebida e, desta maneira, as noites fixeronse máis levadeiras. Alí rizamos o papel en varios días. Logo, puxemolo nunha caixa e levamosllo a Nina e a María do Diego, que foron as que realizaron as flores do pucho. Uns días denantes de que comezara o festexo organizamos os correóns das campañas en función do son. Para acadar que as campañas estivesen a punto para o Entroido compría que soasen pola parroquia nas noites previas á festa coa finalidade de que collesen o espazo axeitado no cinto.

Nos días do Entroido os volantes e maragatos percorreron pola mañá as casas da parroquia e tamén foron por outras parroquias limítrofes na procura de viño que, logo de probalo meteron nuns pebellos ³². O viño usouse para convidar á xente que acudía a ver o Entroido do Moredo.

Pouco despois de xantar, sobre as 16 horas, reuniuse unha importante mascarada na estrada, que comunica a parroquia de Santiago coa vila de Chantada e con outras comunidades limítrofes. Desde alí a mascarada, acompañada polos gaiteiros de Vilar de Mato e por un grupo numeroso de



FOTO 20. OS MARAGATOS INTERVINDO NUN OFICIO.

persoas, iniciou a marcha ata o “Campo do Moredo”. Ao chegar ao lugar de “O Pedroso” os volantes e os maragatos baixaron por un carreiro e atravesaron as hortas e os campos, que había ata o Moredo. O resto da mascarada así como o público acompañante continuaron polo camiño habitual.

Xa no campo do Moredo, os volantes empezaron a danzar e a exhibir as súas vestimentas diante do público asistente, moi numeroso, ata o punto que houbo que acordar unha parte do campo, para poder levar a cabo as diferentes representacións. No seu primeiro contacto co público, os maragatos procuraron que ninguén traspasase o acordoamento realizado. Transcorrido certo tempo, os volantes e maragatos, acompañados dos gaiteiros, viñeron a “Casa do Quintana” a buscar aos mecos encargados do primeiro oficio. E así ía a acontecer ata o cuarto, xa que o habitual era que cada día do Entroido se representasen catro oficios. A partir do primeiro os maragatos perseguiron as persoas, que tentaban alteralos no transcurso da

³² Alberto Quintela. Informante de Chantada.

tardiña.

Neste ano, que nos ocupa, houbo dous oficios curiosos e ao mesmo tempo espectaculares: O primeiro foi a escenificación dun parto, no que interviron Antonio do Manolo, que fixo o papel dunha muller embarazada; o Viadilla, que era o médico; e Pepe do Pataco, o practicante. Pois ben, a muller púxose de parto, mais ninguén sabía que o aumento da barriga debíase a dúas bolsas, que lle colocaran no ventre. Unha chea de sangue, que o Pepe do Pataco fora a buscar a unha carnicería de Chantada, situada a carón do concello; e a outra a un gato vivo. Cando comezou o parto, as dúas bolsas foronse abrindo paseniño, e o resultado provocou sustos e risas, xa que o gato miando e con sangue no corpo apareceu correndo no medio do público.

O segundo oficio consistiu na escenificación de dúas parellas de bailaríns. Unha interpretada por Manuel do Viutos e a Nina; e a outra por Santiago e María. Ámbas as dúas ían nun carro de vacas, acompañadas dun gaiteiro, que era Pedro do Artilleiro. Este pequeno grupo accedeu ao “Campo do Moredo” tanxendo e bailando unha canción moi leda. Sen embargo ao apear-se do carro transformouse todo de tal xeito que comezaron a tropezar uns cos outros, a reñer, e mesmo caer, o que deu lugar a que algunhas persoas do público, previa solicitude, saísen para bailar. Ao mesmo tempo, mentres acontecía isto, os persoeiros enfariñaban e encinzaban á xente.



FOTO 21. REPRESENTACIÓN DUN OFICIO.

Os veciños dunha parroquia colindante podían acudir a escenificar un oficio sempre e cando se recoñecesen diante do “volante maior” (volante rei) e dun maragato nos lindes da parroquia e, logo, no propio campo da festa.

O martes de Entroido, antes de rematar o festexo, varias mulleres da

parroquia, vestidas de negro e cunha caraúta na cara de cor branca acudiron ao “Campo do Moredo, coa finalidade de realizarlle ao Entroido unha despedida. Neste acto interviron tamén os volantes, os maragatos e algúns mecos, que se colocaron de xeonllos en torno aos puchos. Todos sen excepción choraron ao Entroido durante un breve período e ao rematar elevaron as súas mans de cara ao ceo, tirando as súas caraútas. Mentres acontecía isto, un volante poñía o pucho na cabeza e saía correndo do “Campo do Canedo”, quizais simbolizando ao Entroido

que se ía.

Como remate do festexo hubo baile de gaita ata que a xente paseniño comezou a marchar para os seus lugares de procedencia, levando “fachóns” para alumear os camiños e carreiros ³³.

Noutroora houbo anos nos que unha chorona, acompañada doutras, acudía ao “Campo do Canedo” momentos denantes de rematar o festexo co Santo Entroido. Este estaba representado por un molde de madeira, envolto nun pano negro. Deste molde facíanse as caraútas da festa. .

Por outra banda, o Volante Rei, denantes da despedida ao Entroido, danzaba por todo o campo e os pequenos íanlle collendo as colonias do pucho, tarefa na que tamén colaboraban os pais dos pequenos. Logo, o volante poñía “o pucho” no chan e ao seu arredor poñíanse de xeonllos os volantes, os maragatos, as choronas e os mecos. Finalmente queimábase uns boneco de palla, que simbolizaba ao Entroido ³⁴. Daqueles entroidos de antano sobresaíron Pepe do Pataco, Nina, María do Diego, Pedro do Artilleiro, Arturo – que aínda saíu como volante no ano 2012- Camilo da Presa, Emilio, Benido, Antonio do Manolo, Viadilla, Manuel do Viutos, Santiago, o Larán, a “Casa do Quintana” para preparar os oficios, a “Casa de Marcos”... ³⁵.

2.2. O ENTROIDO HOXE (2012).



O primeiro día, chamado Domingo Lambedoiro, os volantes e maragatos foron a danzar e a exhibirse pola vila de Chantada, aproveitando que había feira. Os dous domingos seguintes, chamados Domingo Corredoiro e Domingo de Entroido, e o Martes de Entroido, a mascarada percorreu todos os carreiros da comunidade parroquial deténdose naquelas

FOTO 22. VOLANTES CRUZANDO OS CAMPOS DE SANTIAGO.

casas habitadas, cuxos donos lles ofreceron viño da ribeira e un bocado. Ata o ano 2012 o habitual era que visitasen en primeiro termo a “Casa de Pepe da Proba”, que xa tiña preparados baixo o alpendre os vasos axeitados para enchelos dun bo viño branco.

³³ Iván González Rei. “Contos do meu amigo Pepe”, en *Rev. Dixital “Etnografía”*, 2010, www.mesondoforno.com.

Conversas de Pepe do Pataco con José Manuel Blanco Prado sobre o Entroido de Santiago de Arriba. Anos 2009 e 2010.

³⁴ M^a Ángeles González. Informante de Santiago de Arriba.

³⁵ Iván González Rei. Os Contos do meu amigo Pepe, en *Rev. Dixital “Etnografía”*. Ano 2010. www.mesondoforno.com.

Todos os días do Entroido celebrouse un xantar a primeiras horas da tarde baixo unha carpa cuberta e adosada a antiga escola. Asistiron membros da Asociación do Entroido Ribeirao, presidida por Juan Carlos González e a súa dona Marisé Rei; os seus familiares; algúns amigos e, tamén, algunhas persoas que acudían ao festexo e eran invitadas pola Asociación dun xeito desinteresado. A comida foi elaborada no transcurso da mañá e do mediodía por mulleres pertencentes a asociación devandita, moitas delas donas e noivas dos volantes; dos maragatos; e dos mecos. Nestes días o menú consistiu en empanadas de diferente índole: patacas, liscos e chourizo; carne; bacalao con pasas. Lacón asado con cachelos. Algúns días, tamén churrasco feito nunha grella por algúns homes da asociación. Logo, diferentes doces, café, augardente e outros licores ³⁶. Este xantar era algo habitual nas datas do Entroido en Santiago de Arriba. Logo do xantar reuníuse toda a mascarada na estrada, que da acceso á vila de Chantada e a outras parroquias do contorno. Desde alí iniciouse as 16 horas a marcha ata o “Campo do Canedo” segundo o arquetipo que se seguiu no “Entroido de Onte”.

Ao chegaren a mascarada ao devandito campo tanto os volantes como os maragatos cumpriron coa súa función específica. Así mentres os volantes bailaron e exhibiron os seus traxes diante do público asistente, os maragatos protexeron aos volantes no seu baile e, posteriormente aos mecos na realización dos diferentes oficios. Estes consistían en curtas representacións teatrais nas que se aludía a diferentes sucesos da realidade en xeral e da vida cotiá das persoas en particular, usando como instrumentos básicos a bulra, a sátira, a ironía...

No ano que nos ocupa -2012- podemos salientar os seguintes: *A actuación estelar de Rafaela Carrá; todos os vehículos funcionan; señor cura atenda a súa igrexa; os bebés tamén xogan ao fútbol; doutor, teño lombrices; a fabada litoral galega; a barbería e a peluquería poden ir xuntas...* ³⁷.

Ao rematar os oficios, realizouse unha churrascada baixo a carpa ata ben entrada a noite. E isto foi moi semellante nos catro días de celebración.

III. O “ROL” DA MULLER NO ENTROIDO.

Case sempre o papel da muller nos medios rurais –menos xa nas vilas e nas cidades- é dunha gran relevancia de cara ao mantemento da “Casa familiar”. A muller leva a cabo unha dobre tarefa. Por unha banda ocupase dos labores domésticos ligados coa limpeza, coa cociña e cos nenos no suposto que os haxa. Tamén se adica a axudar ao seu cónxuxe nas tarefas

³⁶ Carlos Rei (Morito). Informante de Chantada.

³⁷ Marisé Rei. Informante de Chantada.

agropecuarias. Pois ben, este labor constante e permanente da muller no seo da unidade familiar proxéctase tamén de cara a algúns eventos festivos como é o caso do Entroido.

Neste festexo a súa tarefa é ardua e menos visible que a do home sobre quen xira o eixo da festa. A muller permanece nun segundo plano, encuberta como espectadora máis que como actora, como elemento pasivo e non activo. E o intre no que cómpre difundir o importante “rol”, que amosa a muller neste evento festivo, no que ata hai ben pouco non podía participar co home dun xeito visible de cara ao público.

Polo que respecta ao Entroido de Santiago, a muller desde sempre é a que lava os traxes, compra o papel de pinocho, cortao e, logo, realiza as flores do pucho³⁸, tamén as cintas ou colonias de diferentes cromatismo. Se as flores e cintas se humeden ten que facelas de novo, ás veces nun curto tempo o que a obriga a empregar moitas horas de traballo. No intre actual a única persoa que sabe realizar as flores do pucho, segundo a tradición parroquial, e Marisé, que aprendeu a realizar as flores de Fina da tienda. Sen embargo as flores, que facían, non se correspondían segundo a xente de idade coas que houbera na parroquia. De aí que Marisé usando como guía as fotos antigas acadou paseniño realizar as auténticas. Polo tanto o labor do pucho recae en gran medida nesta muller. Outras, como Carmen Rei, Vanesa e Alba Quintela axudana a cortar o papel, realizar as colonias, atar as cintas e mesmo colocar as flores no pucho, aínda que nesta última tarefa axudanas os homes.



FOTO 23.ALGÚNS VOLANTES BAILANDO EN POTES (CANTABRIA)

Nos días propios do Entroido, encargase tamén da tarefa gastronómica, consistente en realizar varios encargos, cociñar algúns platos, poñer a mesa³⁹...Logo, a tardiña pasa bandexas de empanada, carne e doce entre o público asistente ao festexo, que adoita acompañar co viño tinto da ribeira, que ten a súa disposición ao carón da “Cantiña do Moredó”.

Co paso do tempo a muller acadou participar neste evento festivo como unha máscara

³⁸ No intre actual a única persoa que sabe realizar as flores do pucho en Santiago de Arriba é Marisé Rei, dona de Juan Carlos González.

³⁹ Nos últimos anos os homes da Asociación do Entroido Ribeirao de Santiago de Arriba comezan a axudar a muller nos labores gastronómicos: facendo o churrasco, poñendo a mesa, indo a algúns encargos ligados coa gastronomía...

máis, e así no intre actual podemos ver como as cativas se visten de volantes ou maragatos e como as mulleres fan o mesmo. Sen logar a dúbidas unha conquista merecida.

IV. AS DIFERENCIAS DO ENTROIDO DE SANTIAGO DE ARRIBA CO DOUTRAS COMUNIDADES DA RIBEIRA DE CHANTADA.

Con respecto ao Entroido de Nogueira do Miño as diferencias eran moi marcadas en canto aos puchos, as campaiñas e, tamén, na relevante presenza de cativos no festexo.

1ª. Os puchos de Nogueira tiñen un formato diferente aos de Santiago, xa que estes son máis abertos e os de Nogueira tenden á convexidade.

2º. As flores de Nogueira son distintas cualitativamente con respecto ás de Santiago. Tanto en Nogueira como San Pedro e Vilaúxe as flores fannas con papel corrido; non cortan o papel. Conforme ven o papel, abreno, rizano por un lado e vano enroscando formando a flor. De aí que na feitura das flores desas tres comunidades haxa certas similitudes, algo que non



FOTO 24. A DESPEDIDA DO ENTROIDO.

acontece con Santiago de Arriba. Nesta parroquia realizan as flores con papel cortado. O seu número varia entre 110-120 flores, segundo como rize o papel. Se éste riza ben faise unha flor dunha medida, mais se riza mal téis que poñerlle máis pétalos para acadar

unha flor fermosa.

3º. En relación aos bonecas do pucho, os de Santiago de Arriba amosan dúas: Unha na parte anterior e a outra na parte posterior. Pola contra, os de Nogueira hai anos que lle colocan bonecas e outros non.

4º. Con respecto aos plumachos, os de Santiago de Arriba poñenlle nos puchos cinco plumachos. Dous na parte anterior, outros dous na parte posterior, e un no centro. Antano estes plumachos procedían do altar da Virxe do Perpetuo Socorro. Os de Nogueira ás veces llos poñen e outras no. Cando os levan son de papel.

5º. Os de Santiago colocan as campaiñas boas no “cinto grande”. Pola contra, os de Nogueira reparten as campaiñas entre todos os cintos.

6º. En Nogueira interveñen nos oficios unha proporción maior de xente moi adulta, algo

que non sucede en Arriba, onde grazas a Asociación do Entroido Ribeirao segue habendo cativos, mozos e adultos de diferentes idades.

7º. En Santiago interveñen no festexo do Entroido un número importante de cativos debido a que todo o ano fanse “talleres do Entroido”, adicados a eles e dirixidos por Marisé Rei.⁴⁰

8º. Con respecto a Vilaúxe (Chantada) - comunidade que deixou de conmemorar o Entroido a comezos deste novo século- había diferencias ostensibles non só en canto ao pucho e as campaiñas - son máis armónico en Santiago- senón tamén con respecto ao remate do Entroido. Así, mentres que en Santiago poñíase fin a festa coa “Despedida do Entroido”, como queda xa reflectido, en Vilaúxe remataba o festexo co “Enterro do Entroido”. Éste era simbolizado por un meco, que se introducía nun cadaleito e tiña que escoltar durante algún tempo prontos, lamentos e lectura duns salmos ininteligibles por parte dos outros mecos, que o que o estaban despedindo.

A representación do Entroido por medio dun home foi algo usual en toda Euroa ata o século XIX, no que foi substituída por bonecos, para evitar posibles danos físicos a antiga representación (X.M. González Reboredo e X.M. Mariño Ferro, 1987, páx. 68).

V. A PROHIBICIÓN DO ENTROIDO.



FOTO 25. UNHA COROZA ATRAVESANDO OS CAMPOS.

Desde o século XIV ata a década dos setenta do século pasado houbo ordes, decretos e bandos máis restrictivos ou menos segundo a conxuntura política existente. Aparentemente o temor a comportamentos agresivos e bruscos era o que estimulaba aos políticos para impedir a celebración deste festexo. Sen embargo a razón específica radicaba na crítica, que se realizaba

das normas vixentes usando a sátira, a burla, a risa etc. As prohibicións desta festividade tiveron unha maior forza durante o franquismo ao unirse o poder civil e o eclesiástico (Xosé M. Vázquez Rodríguez, 1995, páx. 252). Así o poder civil por medio da Dirección Xeral de

⁴⁰ Tanto Marisé Rei como o seu conxuxe Juan Carlos González, presiden a Asociación do Entroido Ribeirao.

Seguridade sacaba á luz o seguinte texto: “ *Próxima la semana de quincuagésima y continuando en vigor la prohibición de toda manifestación callejera de Carnaval, aunque tolerados en privado los bailes de sociedad con trajes de época que no constituyan disfraz, y sin velar el rostro en ningún caso, o momentánea aparición en las calles de personas que con uno de dichos atuendos autorizados en su inevitable desplazamiento de ida y regreso, puedan servir de pretexto para presentarse en público arbitrariamente disfrazados con ropas astrosas unos e incurriendo otros en la poco original y recusable extravagancia de vestir prendas de su sexo contrario, la cara tiznada y dando muestras en chabacanas pandillas de una ruidosa euforia a la que no suele ser ajena la ingestión alcohólica, que les ayuda a vencer el pudor de su ridícula situación, para evitar estos excesos se recuerda la prohibición existente y se hace público que los agentes de la autoridad procederán a la detención de estos tozudos de mal gusto, que seran severamente sancionados*” (F. Cocho, 1992, páx. 334).

Pola súa banda, a igrexa continuou condenando o festexo malia que as diferentes comunidades eran partidarias de mantelo. De aí que mandase celebrar como acto de desagravio, triduos, vigiliás, adoracións nocturnas.. (F. Cocho, 1992 páx. 321) .

Sen embargo un número considerable de comunidades rurais seguiu celebrando o Entroido malia os apercibimentos e as multas correspondentes. Isto foi o que aconteceu en Santiago de Arriba, onde por varias veces tivo a parroquia que pagar varias multas durante o rexime franquista e máis concretamente entre as décadas dos corenta e setenta.



FOTO 26. VOLANTE DE SANTIAGO DE ARRIBA.

Tivo moita sona no contorno o que sucedeu nun Entroido dos anos cincuenta do século pasado. “ *Houbo unha denuncia dun crego no cuartelillo da Garda Civil, o que deu lugar a que o brigada, que tiña o alcume de “Tocamadera” acudise á parroquia con dous números do posto. Logo de chegaren fixo un parte do acontecido, colleu o mellor cinto que había, e levouno para o cuartelillo. Menos mal que grazas a uns bós amigos da parroquia, que tiñan influencia coas institucións, conseguíuse cambiar as campañas boas por outras ruins. De tódolos xeitos houbo que pagar unha multa de trescentas ptas. naqueles tempos,*

a que fixo fronte a parroquia ”⁴¹. Co paso dos anos houbo que pagar outras de menor cuantía para recuperar os traxes, os panos e ata o pucho”. Todo isto foi rematando coa chegada dun novo tempo de máis permisividad e e tolerancia.

VI. OS TALLERES DO ENTROIDO CON NENOS.

A sala-comedor de Juan Carlos e Marisé cumpre unha función polivalente, xa que aparte da función específica que ten case todo o ano, como é a de servir de espazo para que a súa familia poida comer e ver a televisión, ten outras relacionadas co Entroido. Así, úsase nas datas cercanas ao festexo como espazo indicado para realizar as flores, as colonias, os puchos...



FOTO 27. CATIVOS FACENDO DE VOLANTES E MARAGATOS.

persoeiro máis axeitado e a asociación encargase de prepararlle a vestimenta apropiada cos seus complementos. Se algún día un cativo desexa realizar “o rol” doutro persoeiro pode levalo a cabo ao igual que fan os adultos.

Con respecto á procedencia dos nenos hainos de Santiago de Arriba, de Chantada e o seu contorno; tamén de Carballedo, de Ourense, de Barcelona. En definitiva calquera cativo pode usar a máscara que máis lle guste, logo dun previo aprendizaxe.

Nos últimos anos estase incrementando o nivel de participación dos cativos. Isto queda reflectido cando chega o Entroido. Así temos constancia – por poñer un exemplo característico- que o Domingo de Entroido do ano 2011, participaron no festexo 30 persoas, menores de 13 anos, das que 24 fixeron o papel de volantes e 6 o de maragato.

Polo tanto, este Entroido ten unhas bases moi solidas, que lle auguran moitos anos de

⁴¹ Informante: Pepe do Pataco. Santiago de Arriba

Conversas con J.M.Blanco Prado.

Iván González Rei.: Contos do meu amigo Pepe. Rev. Dixital “Etnografía”. www.mesondoforno.com. Ano 2010.

celebración e de conservación dunha tradición como homenaxe aos devanceiros desta comunidade parroquial.

VII. A PROXECCIÓN DO ENTROIDO DE SANTIAGO DE CARA AO EXTERIOR.

Nesta nova andaina do Entroido de Arriba, que comezou cos inicios desde novo século, estamos asistindo todos os anos “no Campo do Moredó” as danzas dos volantes e a representación dos oficios. Sen embargo, nos días nos que non hai festexo na parroquia aproveitanse moi ben para dar a coñecer o Entroido arribiño noutros espazos e lugares xa dende unha perspectiva teórica ou práctica.

1. No ano 2003, faise un acordo coa Asociación Xosé Soto de Fión (O Saviñao) para levar a cabo unha exposición permanente dos persoeiros do Entroido Ribeirao. Logo, desde o ano 2004 ao 2009, o domingo Lambedoiro celebrouse na parroquia de Fión (O Saviñao), onde ademais da mascarada, interviron os mecos escenificando diferentes oficios. Por falta de financiación non puido seguir celebrándose na devandita parroquia.
2. Impartíronse conferencias en Institutos e Colexios de Sarria, Monforte, Escarón e Chantada
3. Participación na televisión de Localia. Lugo.
4. Colaboración no ano 2009 nun Congreso, que se celebrou en Ourense, sobre o Entroido.
Presentación dun Volante.
5. Durante varios anos participouse nos desfiles do Entroido de Chantada.
6. Participación no “Proxecto Ronsel”, organizado pola Universidade de Vigo.
-Ano 2008. Pontevedra.
- Anos 2009-2010. Ourense.



FOTO 28. OFICIO EN SANTIAGO

7. Colaboración nos desfiles do Entroido de Pontevedra nos anos 2009 e 2011.
8. Desfile polas rúas de Lugo no ano 2010. Acto da Deputación de Lugo.
9. Desfile polas rúas de Potes (Cantabria) no ano 2012, xuntamente cos membros da Asociación “Joaldunak”, de Ituren (Navarra).
10. Participación no Folión dos Carros de Chantada. Agosto 2012. Neste folión representaron

as seguintes escenas ligadas ao Entroido:

- 10.1. Representación dunha Ribeira co home traballando.
- 10.2. Realización das caraútas ao carón do lume.
- 10.3. Feitura das flores por parte das mulleres e a súa colocación no “pucho”.
- 10.4. Mulleres colocando as bonecas no “pucho” e vestindo aos nenos.
- 10.5. Representación dun campo da festa cos nenos danzando, e algúns veciños bebendo ao carón dunha pequena cantina, que representaba a existente no “Campo do Moredó”.
- 10.6. Na parte posterior da plataforma viñan bailando os volantes adultos, os maragatos meténdose co público, e dándolle viño procedente dunha barrica que ía nun pequeno carro tirado por cabras.
- 10.7. Na parte anterior, ía un Papa móvil, dando lugar á representación dun oficio por parte dos mecos.

VIII. AS CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE O ENTROIDO ARRIBEÑO.

Cando os volantes chegan as terras de cultivo e aos campos fan soar as súas campaiñas con intensidade. Algúns creen que este son aumenta a fertilidade das terras. De feito é unha crenza moi estendida por toda a ribeira chantadina. Sen embargo cómpre dicir que tanto o xudaísmo como o cristianismo atribuíron ao son das campaiñas propiedades específicas para conxurar aos espíritos maléficos. Así todos sabemos da importancia das campás das igrexas



FOTO 29. MECOS FACENDO UN OFICIO.

para evitar ameazas como as treboadas, ou para facer fuxir aos nubeiros e tronantes, personaxes da nosa mitoloxía popular causantes dos lóstregos e da sarabia (J.M. Blanco Prado e X.M. González Reboredo. Ob. cit. 2006, páx. 135). Polo tanto os sons das campaiñas serían un signo de vitalidade mais tamén un arredamento de

todo aquilo que provoca o mal. Por outra banda, as máscaras son un símbolo relevante da inversión da orde, dos valores e convírtense dalgún xeito nunha representación do home como animal fronte ao home nun ámbito social. En consecuencia é patente o enfrontamento entre natureza e cultura.

Finalmente algunhas prácticas rituais do Entroido acadan o indicador da identidade local

en contraposición a uniformidade forzada pola globalización. De aí que para os veciños de Santiago de Arriba os volantes sexan pola súa orixinalidade e singularidade un importante elemento identitario desta comunidade. Así a súa riqueza e diversidade cromática ao igual que o rítmico son das campañas, que levan nos seus cintos, esperta vivencias, sentimentos, e move aos veciños a tomar parte no evento.

IX. BIBLIOGRAFÍA.

1. **MAPA.** Foi realizado polo delineante **José Cancio Fernández.**

2. **ILUSTRACCIÓNS.** As fotos números: 6,7,11,15,16,17,19,20,21,22,24,25,26,27, foron realizadas polo catedrático e investigador **José Manuel Blanco Prado.** As demais foron unha aportación da “Asociación do Entroido Ribeirao” de Chantada.

2. CONSULTAS BIBLIOGRÁFICAS.

-BLANCO PRADO, J.M. “ 1ª Exposición sobre o Antroido na provincia de Lugo”, *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, 2005, XII, vol. 1. Pp. 203-222.

-BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carme.: “Achegas históricas ao Antroido do “Val de Francos (Castro de Rei) no século XXI”, *en Croa (Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga)*, nº 19, 2009, paxs. 58-73.

-BLANCO PRADO, José Manuel.: *O Entroido na Diocese de Lugo. Achegas Históricas. I. O Entroido na Ribeira de Chantada.* Rev. Lucensia, nº 39 (Vol. XIX), Lugo, 2009, páx.365.

-BLANCO PRADO, José Manuel.: *O Entroido na Diocese de Lugo. Achegas Históricas. II. O Entroido na fregresía de Salcedo.(A Pobra de Brollón).* Rev. Lucensia, nº 40 (Vol. XX), Lugo, 2010, páxs.163-172.

BLANCO PRADO, X.M.: “2ª Exposición sobre o Entroido na provincia de Lugo”, *en Rev. Dixital. Etnografía*, www.mesondoforno.com. 2012.

-CARBALLO, Xosé Manuel. “Antroidos e Antroido do “Val de Francos”, revista *Terra Chá*, 7-1-06.

-CARO BAROJA, Julio. *El Carnaval (Análisis histórico-cultural)*. Taurus: Madrid, 1979.

-COCHO, Federico. *O Carnaval en Galicia*. Vigo: Xerais, 2007.

-DASAIRAS, X. *O ANTROIDO en Terras de Monterrei*. Vigo: Edicións do Cumio, 1990.

-*El ANTROIDO en Galicia. Exposición Casa de Galicia en Madrid*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 1995.

-DÍAZ, M.M. *Do Antroido ao Nadal. Romerías, ferias y fiestas patronales en Galicia*. Ea editorial, 2006.

-FIDALGO SANTAMARIÑA, X.A. “Identidade e festa popular”. En: *O Feito diferencial galego na Antropoloxía*. Vol. II. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 1998. (Coord. Marcial Gondar Portasany)

-FIGUEIRA TENREIRO, Sabela. “O Antroido onte e hoxe. Achegas ao estudio desta festividade na Terra Chá”. *Revista Dixital de “Galicia Encantada”*. Web.: www.galiciaencantada.com

-FLORES ARROYUELO, F.J. *Fiestas de ayer y de hoy en España*. Madrid: Alianza, 2001.

- FRAGUAS FRAGUAS, A. *A Festa Popular en Galicia*. A Coruña: Edicións do Castro, 1996.
- FRAGUAS FRAGUAS, A. *Do ANTROIDO*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 1994. Serie Alicerces, nº 6.
- GATO SOENGAS, Antonio. *O Entroido de Casa de Naia*. Lugo: Deputación, 1992.
- GONDAR PORTASANY, M. *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e o nós outros*. Vigo: A Nosa Terra, 1993.
- GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. *Guía de festas populares de Galicia*. Vigo: Galaxia, 1997.
- GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. “Fiestas cíclicas”. En: VV.AA. *Galicia. Antropoloxía*. Tomo XXVII. Hércules Edicións, 1997.
- GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. e MARÍÑO FERRO, X.R. *ANTROIDO en Galicia*. A Coruña: Deputación Provincial, 1987.
- LISÓN TOLOSANA, C. *Antropología cultural de Galicia*. Madrid: Editorial Siglo XXI, 1971.
- LISÓN TOLOSANA, C. *Perfiles simbólico-morales de la cultura gallega*. Madrid: Akal, 1974.
- LORENZO, X. *Cantigueiro popular*. Vigo: Galaxia, 1973.
- MARÍÑO FERRO, X.R. *O ANTROIDO ou os praceres da carne*. A Coruña: Edicións do Castro, 2000.
- OTERO FERNÁNDEZ, X.M. “A dimensión lúdica da vida humana. O ANTROIDO, unha antiga celebración”. En: *Exemplificacións didácticas. Educación Secundaria Obrigatoria*. Tomo II. Xunta de Galicia.
- RISCO, V. “Etnografía: Cultura espiritual”. En: OTERO PEDRAYO, R. *Historia de Galiza*. Madrid: Akal, 1979.
- RIVAS CRUZ, X.L. e IGLESIAS DOBARRIO, B. *Cantos, Coplas e Romances de Cego. (I) e (II)*. Recopilación de Mini e Mero. Lugo: Ophiusa Ensino, 1999.
- RIVAS, P. *Fiestas de Galicia. Propostas didácticas*. Lugo: Deputación Provincial, 1996.
- TABOADA CHIVITE, X. *Ritos y creencias gallegas*. A Coruña: Edicións Sálvora, 1980.
- TENORIO, N. *La aldea gallega*. Cádiz, 1914.
- VVAA. *As caras do ANTROIDO ourensán*. Ourense: Deputación Provincial e Fundación Caixa Galicia, 2009.
- VV.AA. *Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria-Dirección Xeral de Política Lingüística, 1993. (Coord. “Asociación do Val do Franco”)
- VV.AA. *Galicia. Antropoloxía*. Tomos XXVII, XXVIII e XXIX. Hércules Edicións, 1997.
- VV.AA. *O noso Antroido. Villalba 1986*. Colexio Público “Antonio Insua Bermúdez” de Vilalba, 1986. (Patrocinado por Concello de Vilalba)
- VV.AA. *Tempos de festa*. Tomo I. “Entre os Reis e o mes de maio”. Fundación Caixa Galicia, 2006.